

Actas das

I Xornadas

Olga Gallego

de Arquivos

Transparencia

“versus”

corrupción:

os arquivos

e a democracia

**Actas das  
I Xornadas  
Olga Gallego  
de Arquivos**

**Transparencia  
“versus”  
corrupción:  
os arquivos  
e a democracia**

**A Coruña 2 e 3 de outubro de 2015**

Edición:  
© 2016, **Fundación Olga Gallego**  
©2016, **Os autores**

Deseño e maquetación:  
**Salgado & Santana**

ISBN:  
978-84-608-6572-8

### **Comité organizador**

**Pedro López Gómez**

**Isabel Buján Bernárdez**

**M<sup>a</sup> del Mar García Miraz**

**Olimpia López Rodríguez**

**M<sup>a</sup> Dolores Pereira Oliveira**

**Gabriel Quiroga Barro**

### **Comité científico**

**Carlos Amoedo Souto**

**Javier Barbadillo Alonso**

**Luis Martínez García**

**Fernanda Ribeiro**

# A xénese do Arquivo do Museo Provincial de Lugo:

## Experiencias a prol da transparencia e o acceso

Ángel Arcay Barral

## A xénese do Arquivo do Museo Provincial de Lugo: Experiencias a prol da transparencia e o acceso

Ángel Arcay Barral

Arquiveiro en Rede Museística Provincial de Lugo

arcaybarral@gmail.com

665 233 210

### ■ Resumo

*Experiencia do traballo arquivístico realizado para poder pór a disposición do público os fondos históricos cos que conta o Museo Provincial de Lugo. Dito traballo conta de dúas fases: a do tratamento arquivístico da documentación e a implementación dun arquivo dixital feito ca ferramenta de software libre ICA-AtoM.*

### ■ Palabras chave

*Arquivo, Arquivo de Museo, ICA-AtoM, Software Libre, Museo Provincial de Lugo*

### ■ Limiar

A dinámica de traballo da Rede Museística Provincial de Lugo está centrada en crear museos “*de todos e para todos*”, afondando en principios universais coma a accesibilidade, a partilla libre de coñecemento e a vontade por implicar a todas as persoas no ámbito da cultura. Todo o traballo que aquí se realiza está baseado sempre nos catro piares da educación e a interculturalidade que promove a UNESCO de “*aprender a ser, a facer, a vivir xuntos e a coñecer*”.

Seguindo esta filosofía comecei o meu traballo coma bolseiro da Biblioteca e Arquivo do Museo Provincial de Lugo cun encargo un tanto particular para un breve período de sete meses, comprendidos entre xuño e decembro do presente ano. A función principal sería cumprir co encargo de revalorizar o patrimonio documental co que conta o Museo para poder ofrecer un Arquivo operativo que poida ser consultado, tanto en liña coma achegándose á Biblioteca da institución.

O encargo nace da necesidade que ten o Museo Provincial de Lugo de dar a coñecer o seu Arquivo Histórico, é dicir, todos os fondos documentais depositados na Biblioteca do centro e que por non ter recibido un tratamento arquivístico non se poden poñer a disposición do público.

Dende o primeiro minuto, trazamos unha folla de ruta do que será o noso proxecto arquivístico e que comprende tres fases diferenciadas: unha primeira de realización do traballo arquivístico necesario para a correcta organización e descrición dos fondos; unha segunda centrada na creación dun arquivo dixital con ICA-AtoM e unha

derradeira que estará ligada ás diferentes formas de difusión para dar a coñecer o noso patrimonio documental.

E coma en tempos de crise xa sabemos que a falta de investimento ten que servir para agudizar o enxeño, decidimos estudar as diferentes propostas de software libre que existen neste campo para poder ofrecer solucións solventes e fiables para un futuro a medio prazo.

### ■ A Rede Museística Provincial de Lugo

A Rede Museística Provincial de Lugo,<sup>1</sup> dependente da Deputación Provincial de Lugo, está conformada por catro museos repartidos por toda a xeografía da provincia lucense:

Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Cervo) creado en 1969 (pero integrado na Rede no ano 2004) con diferentes fondos persoais de antigos mariñeiros, entre os que destaca o do mestre Francisco Rivera Casás, e que conforman un lugar onde recrear a historia e a vida mariñeira da costa lucense.

Museo Etnográfico de San Paio de Narla (Friol), na Fortaleza e Torre de Xiá, antiga protagonista das loitas irmandiñas e que na actualidade serve coma lugar para o coñecemento de todo tipo de coleccións relacionadas cos oficios tradicionais, os aparellos das antigas casas galegas ou as armas empregadas polos cabaleiros.

Pazo de Tor (Monforte de Lemos), unido á liñaxe dos Garza ata a súa doazón á Deputación Provincial de Lugo é hoxe en día unha boa mostra da vida pacega galega, ca arquitectura, o mobiliario e as coleccións artísticas que a familia foi atesourando ao longo do tempo.

Museo Provincial de Lugo (Lugo), creado en 1932 e trasladado á súa localización actual na Praza da Soidade en 1957, ao antigo convento de San Francisco, onde se conservan aínda partes da antiga edificación en combinación con numerosas salas de arte.

Neste último é onde desenvolveremos a nosa actividade, aínda que tamén existen fondos documentais no Pazo de Tor.

### ■ O Arquivo do Museo Provincial de Lugo

Malia as voces alarmistas que falaban dunha total desorganización do Arquivo, hai que dicir que o estado no que nolo atopamos foi moito mellor do esperado. Ocupa unha parte importante da Biblioteca do Museo Provincial e nun primeiro achegamento puidemos contabilizar unhas 330 unidades de instalación (caixas, carpetas, libros, etc.), repartidas en aproximadamente 30 metros de estantes, cun estado de conservación aceptable e incluso cunha pequena descrición de cada unidade no exterior dos soportes.

Isto facilita, en parte, o obxectivo de conformar o arquivo físico, que será o que teñamos despois de aplicar as diferentes medidas de tratamento documental necesarias. É dicir, que antes da creación do arquivo dixital, teremos que ter o arquivo medianamente organizado

---

1. Páxina web da Rede Museística Provincial: <http://redemuseisticalugo.org/>. [Consultada o 10 setembro do 2015]

e ordenado para poder atopar nel toda a información que procuremos. Será necesario, debido ao seu estado de conservación, realizar algunha medida preventiva así como a respectiva limpeza dos documentos.



Ilustración 1 Imaxe do Arquivo do Museo Provincial de Lugo

Ante o pouco tempo do que dispoño para a realización de tan magna obra, acordamos extraer de cada documento a información necesaria para cubrir os campos obrigatorios da ISAD (G) e que podemos resumir nunha pequena anotación do contido, a datación do documento, a sinatura, o produtor e o nivel de descrición, para facer de maneira posterior e nunha última etapa do traballo, o baleirado desta información ao que será o noso arquivo dixital.

A diferenza principal entre os arquivos dos museos e os de outro tipo de institucións é que os fondos documentais poden responder a diferentes eidos. Na escasa bibliografía sobre o tema podemos ver como é habitual atopar a documentación administrativa que xera o propio museo no desenvolvemento das súas actividades, mais tamén hai autores que indican a posibilidade de atopar documentación depositada nos museos por axentes externos. No caso do Museo Provincial de Lugo temos as dúas tipoloxías aínda que só centraremos o noso traballo nos fondos de maior volume, é dicir, nos fondos históricos que chegaron a esta institución froito de doazóns individuais. Esta cesión da documentación, feita moitas veces por persoeiros vinculados á cidade de Lugo, permite ao Arquivo do



Museo Provincial contar con vestixios documentais do Conde de Pallares, da Casa de Alba, da familia Pardo Vila ou do músico Vicente Latorre Ventura, entre outros.

O resultado de todo isto, sempre que o remate sexa tan positivo coma as intencións, será a posta a disposición do público interesado da documentación que posúe o Museo. Ademais, isto abre un novo abano de posibilidades para a difusión cultural. Deste modo poderemos acadar unha valorización do patrimonio documental, que a diferenza doutros tipos de patrimonio precisa dunha organización previa que nos permita afondar no seu coñecemento.

### ■ O traballo arquivístico

Coma xa anunciamos, existe un traballo previo que debemos desenvolver para garantir a calidade do resultado final. Consiste na aplicación dun tratamento arquivístico á documentación que pasa por diferentes funcións:

Nun primeiro achegamento centrarémonos na organización dos diferentes fondos que compoñen o Arquivo. Tras asegurarnos da súa coincidencia co expresado no exterior de cada unidade de instalación procederemos á descrición documental, á súa limpeza e á correcta ordenación dentro do seu contexto, tentando respectar sempre que se poida a orde natural da súa produción.

No apartado descritivo, quizais o de maior calado de todo o proceso, empregaremos os formatos de descrición estandarizados pola comunidade arquivística a nivel internacional, e que se corresponde cos formatos ISAD (G), ISAAR (CPF) e ISDIAH.

Todo isto terá que ter presenza nunha base de datos informática na que recoller toda esta información e que nos permita ter un rexistro de todos os documentos do Arquivo. Finalmente esta base de datos será a que atopemos transformada no Arquivo Dixital do Museo Provincial de Lugo e que agardamos ter dispoñible nos primeiros días do vindeiro ano 2016.

Nunha etapa posterior poderíamos dedicar todos os esforzos ás tarefas de difusión do Arquivo, ben sexa mediante a publicación desta experiencia como ca edición de traballos de investigación empregando os fondos documentais. Poderemos utilizar tamén as instalacións do Museo Provincial para a organización de algún tipo de exposición ou a convocatoria de visitas guiadas para un coñecemento máis próximo desta institución arquivística. Con todo, a creación do arquivo dixital permitirá ofrecer un acceso universal a todos os interesados, polo que seguramente sexan moitas as persoas que difundan o noso patrimonio por medio de investigacións e traballos académicos que reforcen o noso posicionamento na arquivística galega.

Entre as vicisitudes máis destacadas deste tratamento documental atopamos a da ubicación do fondo, por estar nun dos estantes principais da Biblioteca e estar sometida a unha temperatura, unha humidade relativa e unha intensidade lumínica que non son as propicias para a súa conservación. Foi por este motivo polo que estudamos un traslado para un lugar onde poidamos ter máis controlados estes parámetros que xa estaban provocando diferentes problemas aos documentos.

Aproveitamos tamén o cambio de ubicación para realizar unha modificación das caixas nas que depositamos os documentos, mercando unhas cunhas condicións menos lesivas para os papeis.

## ■ O traballo informático

Acadado xa a metade do noso propósito co tratamento da documentación, chega o momento de iniciar o asalto ao segundo obxectivo deste proceso: a creación do arquivo dixital.

Coma sempre acontece no campo da informática, os coñecementos previos cos que abordamos este proxecto non sempre serán os desexados. Ben é certo que xa temos experiencia na creación de arquivos dixitais para outras institucións, pero ata o momento non tivemos que enfrontarnos a un destas magnitudes.

Nun primeiro momento optamos por botar man dun interesante recurso creado por Manuel Blázquez, profesor da UCM, que leva por nome AMPdoc<sup>2</sup> e que podemos definir coma un servidor portable de Apache, MySQL, PHP e Perl “que inclúe unha selección de aplicacións documentais para bibliotecas, arquivos, museos, editoriais, congresos e centros de documentación que permiten levar a cabo tarefas de xestión, fluxos de traballo, publicación de contidos e posicionamento web, entre outras” coma el mesmo o define na web do proxecto. Seguindo este invento, poderemos ter acceso a diferentes aplicacións de software libre que administraremos dende o noso propio equipo.

Por motivos evidentes, tivemos que modificar o uso deste servizo gratuíto para pasar a depender dos servidores oficiais da Deputación de Lugo, nos que instalaremos o software que precisamos e as bases de datos nas que aloxar a información.

A elección dun sistema de xestión arquivística en aberto, parte da necesidade de buscar unha alternativa gratuíta e solvente dos programas de pago que xa se tiñan empregado nesta institución. Os continuos erros, a falta de presuposto e a incapacidade de proxectar as melloras necesarias para este tipo de traballos fixeron esmorecer as ansias por ter un arquivo dispoñible para todo o público investigador que visita a Rede Museística Provincial. Por iso había que tratar de corrixir este erro dende o principio, promulgando o uso de software libre ao igual que xa se facía noutros departamentos do Museo e acadar así uns avances que non estiveran baixo o xugo das limitacións económicas do momento.

Existen numerosos programas de código aberto para a xestión arquivística, apoiados por centos de profesionais de todo o mundo e empregado por diferentes institucións. Aínda que na arquivística española non abunde o uso deste tipo de programas, hai que resaltar importantes exemplos procedentes sobre todo do territorio catalán, onde a innovación neste campo durante os últimos anos é unha evidencia que acentúa a súa boa acollida.

Decantámonos dende o primeiro minuto polo programa ICA-AtoM por diferentes razóns de peso: a numerosa comunidade que aporta melloras e solucións constantes a este software colectivo; a importancia de estar amparado polo Consello Internacional de Arquivos (ICA);

---

2. Web do proxecto AMPdoc: <http://mblazquez.es/ampdoc-mblazquez-edition/>. [Consultado o 8 de setembro do 2015]

a solvencia da súa interface para o traballo diario e, sobre todo, o poder traballar cos parámetros estandarizados de descrición arquivística, ao contar cos modelos de ISAD (G), ISDIAH e ISAAR (CPF) para ser cubertos de forma automática e multinivel.

### ■ ICA-AtoM: Access to Memory.

Como indica a propia web do proxecto ICA-AtoM<sup>3</sup>, tratase dunha aplicación de código aberto baseada na web para a descrición arquivística normalizada, nun entorno multilingüe e multi-repositorio.<sup>4</sup>

Conta co apoio de diferentes colaboradores (Pavezi: 2013) e patrocinadores tan dispares coma a UNESCO, a Escola de Arquivos de Amsterdam, o Banco Mundial, a Dirección de Arquivos de Francia ou o Centro de Documentación dos Emiratos Árabes, sempre ca supervisión do Consello Internacional de Arquivos.

O proxecto nace dunha filosofía moi similar ao do software libre, coma ferramenta a utilizar naquelas zonas menos desenvolvidas onde a falta de medios pode levar á desaparición do patrimonio documental. É por iso que se crea un software potente que permita aos arquivistas salvagardar toda aquela documentación de zonas de conflito, de países onde os procesos arquivísticos están menos desenvolvidos ou de institucións que por falta de medios económicos ven neste tipo de software unha solución á difusión dos seus fondos.

Son moitas as referencias que atopamos na rede a este tipo de programas e que chegan dende o campo universitario ata o mundo da empresa privada<sup>5</sup> destacando tamén o Google Groups de discusión sobre esta ferramenta<sup>6</sup> e que funciona coma principal fonte de consulta para a solución dos conflitos que poidamos ter no desenvolvemento diario desta aplicación.

### ■ O inicio do proxecto virtual

Aínda que non temos rematada a fase previa da tratamento da documentación, si que aproveitamos algún que outro fondo xa descrito para poder facer pequena mostra do que vai a ser o resultado final do noso Arquivo Dixital do Museo Provincial de Lugo.

---

3. Web do proxecto ICA-AtoM: <https://www.ica-atom.org/> [Consultado o 8 de setembro do 2015]

4. Manual do usuario en castelán, versión wiki: [https://wiki.ica-atom.org/What\\_is\\_ICA-AtoM%3F/es](https://wiki.ica-atom.org/What_is_ICA-AtoM%3F/es) [Consultado o 8 de setembro do 2015]

5. Manual de ICA-AtoM editado pola empresa VIDIMUS SL: [http://www.vidimus.net/wordpress/wp-content/uploads/2014/04/ica\\_atom\\_manual\\_V02.pdf](http://www.vidimus.net/wordpress/wp-content/uploads/2014/04/ica_atom_manual_V02.pdf) [Consultado o 8 de setembro do 2015]

6. Google Groups de ICA-AtoM: <https://groups.google.com/forum/#!forum/ica-atom-users> [Consultado o 8 de setembro do 2015]



Ilustración 2 - Páxina principal do Arquivo Dixital do Museo Provincial de Lugo en ICA-Atom

Nesta primeira imaxe (Ilustración 2) poderemos ver o aspecto que ten a plataforma para unha persoa que entra cas credenciais de administrador. Topámonos primeiramente cun texto de benvida, editado por nós mesmos e con diferentes vínculos a webs institucionais, manuais do software e outras páxinas relacionadas. Conta tamén cun Menú de Navegación que servirá ao usuario para saltar directamente ás descrições arquivísticas dos documentos ou aos índices correspondentes. Segundo vaiamos engadindo documentos, poderemos ir remarcando lugares, funcións, materias, nomes propios ou obxectos dixitais que despois poderemos buscar dende este menú nos índices que se crean de forma automática. Existen outros dous menús, un na parte superior dereita onde aparecen as opcións de acceso, idiomas ou axuda e outro central, só dispoñible para os administradores, onde poderemos ir engadindo toda a información que precisemos por medio dos modelos normalizadas de descripción arquivística modificar as condicións de acceso para cada tipo de usuario ou realizar importacións de información a outros formatos e programas.

Sobre todo isto, aparecerá a barra de búsqueda na que poderemos escribir as nosas pesquisas, sempre melloradas cunhas opcións avanzadas onde definiremos as nosas necesidades.



Ilustración 3 - Imaxe do Menú de fondos descritos

Accedendo ao menú Navegar da parte dereita poderemos ver as descrições documentais que temos realizadas. Neste caso son tres os apartados, no nivel de Fondo, e que corresponden ca documentación da Casa de Alba e ca do Conde de Santiago depositados no Arquivo do Museo Provincial de Lugo. Premendo sobre cada un deles poderemos acceder á documentación que agochan, xa sexa repartida en series e seccións ou coma documentos soltos.

Neste caso e coma vemos na terceira ilustración (Ilustración 4), temos o interior do que sería o fondo completo do Conde de Santiago, cos datos da ficha ISAD(G) na parte esquerda e que contará ca descripción que fagamos (resumo, datas extremas, formato, etc) e con outro menú na parte dereita onde estará recollido o contido do fondo, neste caso cas citadas series de “Documentación patrimonial”, “Documentación procesual” e “Documentación persoal”. Baixo estes indicativos tamén atopamos os enlaces directos para facer unha importación ou exportación dos datos que presentamos, facilitando a compatibilidade de ICA-AtoM con outras ferramentas que empreguen o mesmo estándar de metadatos.

Ao tratarse dunha plataforma multinivel, facilitaremos o traballo descritivo xa que ca descrición de diferentes datos no nivel de Fondo non será preciso repetilo nas unidades inferiores de descrición arquivística.

**Ver descripción archivística**

**Subfondo ES.MPL.A5 - Conde de Santiago (Borrador)**

**Área de identidad**

Código de referencia	ES.MPL.A5
Título	Conde de Santiago
Fecha(s)	○ 1573 - 1929 (Creación)
Nivel de descripción	Subfondo
Volumen y soporte	Fondo composto por trece unidades de instalación e descrita en 1080 fichas.

**Área de contexto**

Nombre del productor	Conde de Santiago
Institución archivística	Museo Provincial de Lugo

**Área de contenido y estructura**

**Sistema de arreglo**

A organización está dividida en cinco series principais:

- 1.- Documentación patrimonial
- 2.- Documentación procesal
- 3.- Documentación persoal
- 4.- Documentación real
- 5.- Documentación varia

Contando con varias subseries dentro de cada apartado.

**Área de notas**

Notas	O tratamento deste fondo foi realizado por Uxío Méndez Pazos durante unha estancia de prácticas no Arquivo do Museo Provincial de Lugo baixo a supervisión do profesor Gonzalo Francisco Fernández Suárez.
-------	--

**Puntos de acceso**

Puntos de acceso por autoridad	○ Conde de Santiago (Productor) ○ Conde de Santiago (Materia)
--------------------------------	--

**Accións:** Editar, Borrar, Agregar nuevo, Duplicar, Mover, Enlazar objeto digital, Importar objetos digitales, Enlazar unidad de almacenaje

**Metadatos:**

- Institución archivística:** Museo Provincial de Lugo
- Productor(es):** ○ Conde de Santiago
- Objeto digital:** 
- Subfondo:**
  - ▼ Subfondo ES.MPL.A5 - Conde de Santiago (Borrador)
    - Serie 1 - Documentación patrimonial (Borrador)
    - Serie 2 - Documentación procesal (Borrador)
    - Serie 3 - Documentación persoal (Borrador)
    - Serie 4 - Documentación real (Borrador)
- Importar:** ○ XML, ○ CSV
- Exportar:** ○ Dublín Core 1.1 XML, ○ EAD 2002 XML



Ilustración 4 - Imaxe do interior do Fondo

Por último, acadaremos a descrición máis concreta da descrición arquivística, a da unidade documental simple. É dicir, iremos describindo dende o fondo completo, cunha visión xeral, ata ao concreto de cada documento.

## ■ O resultado final

Rematados os sete meses da duración da bolsa formativa, agardamos ter resoltas as tres principais tarefas ás que nos enfrontamos: a creación dunha base de datos física e informática na que aparezan recollidos os datos do noso Arquivo, a disposición da mesma a todo o público interesado por medio dun soporte web empregando ICA-AtoM e o tratamento correcto de todo o noso conxunto documental para poder saber en cada momento onde están e en que condicións se atopan os documentos que precisemos.

Todo este proceso, unido á actualización da nosa páxina no Censo Guía de Archivos do Ministerio de Cultura, permitirá aos interesados coñecer boa parte da información que dende este Arquivo do Museo Provincial de Lugo poderemos ofrecer para a súa consulta.

Unicamente cunha sinxela búsqueda informática poderán coñecer todos os detalles técnicos da nosa institución, por medio do arquivo dixital terán a posibilidade de facer un percorrido documento a documento de todos os nosos fondos e, se o precisan, contactarán directamente co persoal encargado para satisfacer as súas necesidades, xa sexa a consulta de documentos en liña ou a visita á nosa sala de investigación para estudar uns fondos, que agora si, poderán estar dispoñibles a todo o mundo.

Durante o desenvolvemento deste traballo xa estamos abertos á consulta dos documentos descritos por parte de usuarios externos, existindo xa varios casos de persoas interesadas en temáticas concretas, como pode ser o 140 aniversario da chegada do tren a Lugo, cos que puidemos colaborar ofrecendo o noso servizo.

Malia que se trata dun arquivo que principalmente conta con documentación histórica e na que non é demasiado fácil atopar papeis con menos dun século, temos que comprender este proceso coma un exercicio de transparencia das nosas institucións, que levado ao plano dos arquivos administrativos pode ser unha boa mostra da democratización do noso sistema. Ben é certo que son poucas as institucións que realizan un esforzo tan grande para facer accesible toda a súa información, pero por iso falaba ao comezo da filosofía que impregna todas as accións desta Rede Museística Provincial de Lugo, onde o fin principal é poñer o Museo e todo o seu patrimonio ao servizo dos cidadáns.

## ■ Cadro de clasificación do Arquivo do Museo Provincial de Lugo

### **Arquivos familiares**

Casa de Alba  
Conde de Santiago  
Familia Pardo Vila  
Familia Barrio Alvarado  
Casa Goián  
Coto de Neira  
Casa da Barreira  
Fortaleza de San Paio de Narla  
Castelo de Cedofeita  
Familia Berbetoros  
Torre Cabarcos  
Casa Miranda  
Casa Torre de Outeiro de Saa  
Casa de Horta  
Marquesado de Hombreiro  
Casa de Castroagude

### **Arquivos pessoais**

José María Coira Sanjurjo  
Vicente Latorre Ventura  
Melecio López Castro de Amo  
Conde Pallares  
Jesús Noya  
Amando Losada Díaz

### **Arquivos de centros educativos**

Escola Matías López

### **Archivos eclesiásticos**

Miscelánea

### **Arquivos industriais**

Fábrica de Sargadelos

### **Arquivos militares**

Guerra da Independencia  
Guerra Carlista

### **Apeos**

Colección de Apeos



## ■ Bibliografía

Alonso - Muñoyerro, Belén de Alfonso. “El archivo del museo y su tratamiento: fondos documentales y fondos administrativos”. En: *Museo*, 1997, [nº2], pp.197-204.

Carretero Pérez, Andrés. “La documentación en los museos: una visión general”. En: *Museo*, 1997, [nº2], pp.11-29.

Cortés, Vicenta. “El museo, centro documental”. En: Boletín ANABAD, 1989, XXXIX, nº2, pp.219-230.

Docampo, Javier. “Poetas en tiempos de miseria: límites y retos de los servicios documentales de museos”. En: *El profesional de la información*, 2013, v.22, nº3, pp.197-202.

García Sáiz, María Concepción. “La documentación en los museos: una para todos y todos para una”. En: *Museo*, 1997, [nº2], pp.104-111.

Pavezi, Neiva. ICA-AtoM: manual do usuário em língua portuguesa. Santa María: UFSM, 2013. Disponible: <http://w3.ufsm.br/dag/images/ICA-AtoM%20manual%20do%20usuário%20-%20PT%20BR.pdf> [Consultado o 8 de setembro do 2015]

Wythe, Deborah. Museum archives: an introduction. Chicago: The Society of American Archivists, 2004.

